

INSTRUCCIÓN INTERNAS DE CONTRATACIÓN DO CONSORCIO PRO-FEIRAS E EXPOSICIÓN DE FERROL

Decembro 2009



ÍNDICE

LIMIAR	6
TÍTULO I	7
ASPECTOS XERAIS SOBRE A CONTRATACIÓN EN FIMO	7
CAPÍTULO I	7
CONSIDERACIÓNS XERAIS	7
1.- Obxecto e alcance das instrucións internas de contratación	7
2.- Natureza e réxime xurídico aplicable aos contratos celebrados por FIMO	7
3.- Cualificación dos contratos	7
4.- Necesidade e idoneidade do contrato	8
5.- Forma dos contratos	8
6.- Remisión de información contractual a efectos estatísticos e de fiscalización	8
7.- Liberdade de pactos	8
8.- Perfección dos contratos	8
9.- Obxecto do contrato	9
10.- Prezo e contía dos contratos	9
11.- Cómputo de prazos	9
12.- Duración dos contratos e prórrogas	9
13.- Perfil de Contratante de FIMO	10
14.- Lingua do procedemento e documentos contractuais	11
15.- Sucesión no procedemento	11
16.- Xurisdición competente	11
17.- Arbitraje	11
CAPÍTULO SEGUNDO	11
ÓRGANOS DE CONTRATACIÓN E ASISTENCIA	11
18.- Órgano de contratación de FIMO	11
19.- Responsable do contrato	12
20.- Mesa de contratación	12
CAPÍTULO TERCEIRO	12
CAPACIDADE E SOLVENCIA	12
21.- Capacidade de obrar	12
22.- Solvencia	13
CAPÍTULO CUARTO	13
GARANTÍAS	13
23.- Garantía provisional	13
24.- Garantía definitiva e complementaria	14
CAPÍTULO QUINTO	14
25.- Tipoloxía dos contratos celebrados por FIMO	14

TÍTULO II	15
CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA	15
CAPÍTULO PRIMEIRO	15
CONSIDERACIÓNS XERAIS	15
26.- Identificación	15
CAPÍTULO SEGUNDO	16
PREPARACIÓN	16
27.- Previsións do artigo 121.1 da LCSP	16
28.- Contido mínimo do expediente de contratación	16
29.- Regras procedimentais aplicables	19
30.- Tramitación urxente	19
31.- Tramitación de emerxencia	19
32.- Regras específicas de preparación de determinados contratos	20
CAPÍTULO TERCEIRO	20
ADXUDICACIÓN	20
33.- Consideracións xerais	20
34.- Procedementos de adxudicación	20
35.- Publicidade dos procedementos de licitación	21
36.- Prazos previstos para a tramitación	22
37.- Proposicións dos interesados e admisibilidade de variantes ou melloras	22
38.- Criterios de adxudicación do contrato	22
39.- Exame das proposicións e proposta de adxudicación nos procedementos abertos en que non se recollan criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor	24
40.- Exame das proposición e proposta de adxudicación nos procedementos abertos e restrinxidos cando se recollan criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas	24
41.- Clasificación das ofertas e adxudicación provisional e definitiva do contrato	24
42.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados	25
43.- Poxa electrónica	26
44.- Racionalización técnica	26
CAPÍTULO CUARTO	27
RÉXIME DE INVALIDEZ E IMPUGNACIÓN	27
45.- Réxime de invalidez dos contratos suxeitos a regulación harmonizada	27
46.- Recurso especial en materia de contratación e medidas provisionais	27
TÍTULO III	27
CONTRATOS DE SERVIZOS INCLUÍDOS NAS CATEGORÍAS 17 A 27 DO ANEXO II DA LCSP CUXO VALOR ESTIMADO SEXA IGUAL OU SUPERIOR A 206.000 EUROS (IVE EXCLUÍDO)	27
47.- Réxime xurídico	27

TÍTULO IV	27
CONTRATOS MENORES	27
48.- Contratos menores	27
49.- Expediente de contratación nos contratos menores	28
TÍTULO V	28
CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMÓNICA	28
CAPÍTULO PRIMEIRO	28
ASPECTOS XERAIS	28
50.- Contratos non suxeitos a regulación harmonizada: identificación	28
CAPÍTULO SEGUNDO	29
PREPARACIÓN DOS CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA CELEBRADOS POR FIMO	29
51.- Contratos non suxeitos a regulación harmonizada distintos de obras de contía comprendida entre os 18.000 euros e os 50.000 euros (IVE excluído)	29
52.- Contratos non suxeitos a regulación harmonizada de contía superior a 50.000 euros e contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía inferior a 206.000 euros e superior a 50.000 euros (IVE excluído)	30
53.- Prego de Prescricións Técnicas	32
54.- Documentación complementaria	32
55.- Documentación de valor contractual	33
56.- Regras de procedemento aplicables	33
CAPÍTULO TERCEIRO	33
ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS	33
SECCIÓN PRIMEIRA - CONSIDERACIÓNS XERAIS	33
57.- Principios aplicables á adxudicación destes contratos	33
58.- Publicidade das licitacións	34
59.- Prazo mínimo de presentación de ofertas ou solicitudes de participación	34
60.- Proposicións dos interesados e admisibilidade de variantes ou melloras	34
61.- Poxa electrónica	34
62.- Clasificación das ofertas e adxudicación provisional e definitiva do contrato	35
63.- Notificación a candidatos e licitadores e publicidade das adxudicacións	35
64.- Renuncia á celebración do contrato e desistencia do procedemento de adxudicación	35
SECCIÓN SEGUNDA - PROCEDEMENTOS DE ADXUDICACIÓN	36
65.- Contratos non suxeitos a regulación harmonizada distintos de obras de contía comprendida entre 18.000 euros e 50.000 euros (IVE excluído)	36
66.- Contratos non suxeitos a regulación harmonizada de contía superior a 50.000 euros (IVE excluído)	36
67.- Normas específicas do procedemento aberto	37
68.- Normas específicas do procedemento restrinxido	38

69.- Normas específicas do procedemento negociado	40
70.- Diálogo competitivo	41
71.- Concurso de proxectos	41
72.- Racionalización técnica	41
CAPÍTULO TERCEIRO	42
CRITERIOS DE SELECCIÓN DA OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA	42
73.- Criterios de valoración	42
74.- Ofertas desproporcionadas ou anormalmente baixas	42
TÍTULO V	42
FORMALIZACIÓN DO CONTRATO	42
75.- Formalización e contido mínimo do contrato	42
TÍTULO VI	44
EFFECTOS E EXTINCIÓN DOS CONTRATOS	44
76.- Réxime xurídico	44
77.- Modificación dos contratos	44
78.- Pagamento do prezo	44
79.- Penalidades por demora e execución defectuosa	45
80.- Resolución por demora e prórroga dos contratos	45
81.- Indemnización por danos e prexuízos	45
82.- Principio de risco e ventura	45
83.- Cesión e subcontratación do contrato	45
84.- Cumprimento dos contratos e recepción da prestación	46
85.- Causas de resolución	46
86.- Aplicación das causas de resolución	47
87.- Regras específicas para os contratos de obras, concesión de obra pública, xestión de servizos, subministracións, servizos e colaboración entre o sector público e o sector privado	48
DISPOSICIÓN DERRADEIRAS	49
Disposición derradeira primeira.- Relación entre as institucións internas de contratación e a LCSP	49
Disposición derradeira segunda.- Aplicación das instrucións	49
Disposición derradeira terceira.- Modificación	49
Disposición derradeira cuarta.- Actualización das instrucións	49

INSTRUCCIÓN INTERNAS DE CONTRATACIÓN DO CONSORCIO PRO-FEIRAS E EXPOSICIÓN DE FERROL

LIMIAR

En data 31 de outubro de 2007 foi publicada no BOE a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público - LCSP, en adiante -, producíndose a súa entrada en vigor o pasado 30 de abril de 2008. Dita norma derogou na súa práctica totalidade a normativa de contratación pública ata ese momento vixente, representada polo Real Decreto Legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A nova LCSP regula cunha maior ou menor intensidade os procedementos de contratación de aquelas entidades que, como o Consorcio Pro-Feiras e Exposicións de Ferrol (no sucesivo, FIMO), forman parte do sector público, en función da natureza xurídica das mesmas e dos contratos que celebren.

Dacordo co establecido no artigo 3.3.b) da citada LCSP, FIMO é unha entidade integrante do sector público que, ademais, ten a consideración de poder adxudicador distinto das Administracións Públicas, o cal determina o marco xurídico aplicable aos seus procedementos de contratación así como a necesidade de que se dote dunhas instrucións internas de contratación de acordo co previsto no artigo 175 da citada Lei. Este precepto regula a adxudicación dos contratos que non estean suxeitos a regulación harmonizada aplicable aos poderes adxudicadores que non teñen o carácter de Administración Pública, establecendo que os órganos competentes destas entidades aprobarán unhas instrucións internas de obrigado cumprimento no seu ámbito interno, nas que se regulen os procedementos de contratación, de tal xeito que quede garantida a efectividade dos principios enunciados polo citado artigo e que o contrato é adxudicado a quen presente a oferta economicamente máis vantaxosa.

Coa finalidade de cumprir con dita esixencia, o Consorcio decidiu aprobar as seguintes instrucións internas de contratación de conformidade co previsto na LCSP.

A elaboración das presentes instrucións internas de contratación foi realizada de conformidade coas previsións contidas na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de Transparencia e Boas Prácticas na Administración Pública Galega así como na Lei 10/1996, do 5 de novembro, pola que se ditan normas de actuación de entes e empresas participadas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia en materia de persoal e contratación.

TÍTULO I
ASPECTOS XERAIS SOBRE A CONTRATACIÓN EN FIMO
CAPÍTULO I
CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- Obxecto e alcance das instrucións internas de contratación.

1. As presentes instrucións teñen por obxecto principal o de regular os procedementos de contratación non suxeitos a regulación harmonizada que celebre FIMO, de conformidade co establecido polo artigo 175 da LCSP. Deste xeito, a preparación e adxudicación dos contratos polos que se rexen as presentes instrucións deberá dar satisfacción aos principios de publicidade, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación, así como garantir que o contrato é adxudicado ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa.
2. Se ben o obxecto das presentes instrucións é, basicamente, artellar os procedementos de contratación non suxeitos a regulación harmonizada celebrados por FIMO, as mesmas conteñen tamén unha serie de previsións relativas aos contratos suxeitos a regulación harmonizada a fin de identificalos e determinar os aspectos de maior relevancia do seu réxime xurídico.
3. Así mesmo, nas presentes instrucións contéñense unha serie de aspectos que resultarán de aplicación a tódolos contratos celebrados por FIMO, con independencia de que se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada ou non suxeitos a regulación harmonizada.

2.- Natureza e réxime xurídico aplicable aos contratos celebrados por FIMO

1. Os contratos celebrados por FIMO teñen a condición de contratos privados, de acordo co previsto no artigo 20.1 da LCSP.
2. Os contratos que celebre FIMO rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento, no que sexa aplicable aos poderes adxudicadores que non teñan a condición de Administración Pública ou no que proceda polas remisións efectuadas polas presentes instrucións ou os pregos de condicións ou contratos, aplicándose supletoriamente as normas de dereito privado.
3. En canto a os seus efectos e extinción estes contratos rexeranse polo dereito privado.

3.- Cualificación dos contratos

1. FIMO poderá licitar calquera das seguintes modalidades de contratos do sector público: Obras, Concesión de Obras, Concesión de servizos, Subministración, Servizos e Colaboración entre o sector público e o sector privado, que se cualificarán de conformidade co establecido pola LCSP.

2. Os demais contratos que sexan celebrados por FIMO serán cualificados de conformidade coas normas de dereito privado que resulten aplicables aos mesmos.

4.- Necesidade e idoneidade do contrato

De acordo co artigo 22 da LCSP, FIMO non poderá celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, determinaranse con precisión, deixando constancia disto na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento para a súa adxudicación.

5.- Forma dos contratos

1. Os contratos subscritos por FIMO, salvo que sexan cualificables como menores, deberán formalizarse por escrito, e recollerán necesariamente as mencións que deben integrar o seu contido mínimo de conformidade co artigo 26 da LCSP.
2. Sen prexuízo do anterior, FIMO poderá contratar verbalmente cando, de conformidade co artigo 97.1 da LCSP, o contrato teña carácter de emerxencia.

6.- Remisión de información contractual a efectos estatísticos e de fiscalización

Resultarán de aplicación neste sentido as previsións contidas nos artigos 29 e 30 da LCSP.

7.- Liberdade de pactos

1. Con suxeición ao disposto nas presentes instrucións, nos contratos celebrados por FIMO poderán incluírse calquera pacto, cláusula e condición, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración.
2. Só poderán fusionarse prestacións correspondentes a diferentes contratos nun contrato mixto cando esas prestacións se atopen directamente vinculadas entre si e manteñan relacións de complementariedade que esixan a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional dirixida á satisfacción dunha determinada necesidade ou á consecución dun fin institucional propio de FIMO.
3. En todo caso, se se licita un contrato de carácter mixto, para a determinación das normas que resultan de aplicación na súa adxudicación, atenderase ao carácter de prestación que teña máis importancia dende o punto de vista económico.

8.- Perfección dos contratos

1. Os contratos suxeitos a regulación harmonizada perfeccionaranse coa adxudicación definitiva dos mesmos, con independencia do procedemento de contratación empregado.

2. Nos contratos non suxeitos a regulación harmonizada de contía superior a 50.000 euros, o Prego de Condicións distinguirá entre adxudicación provisional e definitiva do contrato aos efectos de presentar a documentación prevista no artigo 135.4 da LCSP. O contrato perfeccionarase coa adxudicación definitiva, a cal quedará condicionada á presentación da devandita documentación.
3. Os contratos celebrados por FIMO entenderanse celebrados no lugar onde radica a sé do Consorcio, salvo previsión expresa en contrario no clausulado dos mesmos.

9.- Obxecto do contrato

Resultan aplicables as normas do artigo 74 da LCSP sobre o obxecto, referidas ao carácter determinado do obxecto, a prohibición do fraccionamento do mesmo, as regras sobre división do obxecto en lotes e a posibilidade de contratación separada de prestacións diferenciadas dirixidas a integrarse nunha obra.

10.- Prezo e contía dos contratos

1. Resultan de aplicación as normas do artigo 75 da LCSP sobre o prezo, agás a prohibición de pago aprazado do artigo 75.7, que só rexe para as Administracións Públicas, polo que FIMO poderá introducir esta modalidade de pago nos contratos que celebre.
2. Os prezos establecidos nos contratos celebrados por FIMO poderán ser revisados ou actualizados na forma pactada no contrato, á alza ou á baixa, co gallo de tomar en consideración as posibles variacións económicas que xurdan durante a execución do contrato. Os Pregos de Condicións deberán establecer a correspondente fórmula ou sistema de revisión de prezos, en cuxo caso poderán remitirse á regulación establecida na LCSP respecto das Administracións Públicas.
3. O valor estimado dos contratos será o importe total do contrato, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, tendo en conta a eventual ou eventuais prórrogas do contrato, na forma prevista no artigo 76 da LCSP.
4. En particular, no expediente de contratación, como partida independente do prezo do contrato, indicarse o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba soportar o poder adxudicador.

11.- Cómputo de prazos

Salvo que expresamente se indique o contrario, os prazos aos que se fai referencia nas presentes instrucións entenderanse como días naturais.

12.- Duración dos contratos e prórrogas

1. A duración dos contratos deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións que se pretenden contratar, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periódicamente a concorrencia a realización das mesmas.

2. Os contratos que celebre FIMO poderán prever unha ou varias prórrogas sempre que:
 - As características dos mesmos permanezan inalterables durante a súa vixencia e,
 - Que na concorrencia para a súa adxudicación se tivera en conta a duración total do contrato, incluídas as prórrogas.
3. O número total de prórrogas que se prevexan e a súa duración máxima deberá constar expresamente no Prego de Condicións.
4. As prórrogas serán establecidas polo Consorcio e serán obrigatorias para os empresarios, agás que se prevexa outra posibilidade no contrato, sen que en ningún caso a prórroga poida ter lugar mediante consentimento tácito das partes contratantes.
5. Os contratos que celebre FIMO terán unha duración inferior a un ano e non poderán prorrogarse.

13.- Perfil do contratante de FIMO

1. De conformidade co artigo 42 da LCSP, co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual de FIMO, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade nos casos esixidos pola LCSP ou polas normas autonómicas de desenvolvemento ou nos casos en que así sexa decidido de forma voluntaria, o órgano de contratación difundirá a través da páxina Web institucional do Consorcio o seu perfil de contratante.
2. No perfil de contratante farase constar tanta información poida resultar relevante en relación cos procedementos de contratación que celebre FIMO e, asemade, a que esixa expresamente a LCSP ou as presentes instrucións. En todo caso será publicada no perfil do contratante de FIMO a adxudicación provisional dos contratos suxeitos a regulación harmonizada que celebre.
3. A forma de acceso ao perfil de contratante especificarase na páxina Web institucional de FIMO, na plataforma de Contratación do Estado e nos Pregos de Condicións así como no anuncio de licitación.
4. O sistema informático que soporte o perfil de contratante deberá contar cun dispositivo que permita acreditar fehacientemente o momento de inicio da difusión pública da información que se inclúa no mesmo, todo elo en garantía do principio de publicidade e transparencia.
5. A difusión a través do perfil de contratante da información relativa aos procedementos de adxudicación de contratos surtirá os efectos previstos no Título I do Libro III da LCSP.
6. Co obxecto de cumprir coas esixencias do artigo 175 da LCSP, as presentes instrucións publicaranse no perfil de contratante de FIMO, quedando a disposición de todos os interesados en participar nos procedementos de adxudicación dos contratos celebrados por dita entidade.

14.- Lingua do procedemento e documentos contractuais

Os documentos contractuais e toda a documentación necesaria para a preparación, adxudicación e execución dos contratos licitados por FIMO estarán redactados en galego e castelán.

15.- Sucesión no procedemento

Resultará de aplicación o previsto no artigo 133 da LCSP.

16.- Xurisdición competente

1. A orde xurisdicional contencioso-administrativo será a competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación e adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada que celebre FIMO, mentres que dita competencia corresponderá á orde xurisdicional civil en caso de tratarse de contratos non suxeitos a regulación harmonizada.
2. A orde xurisdicional civil será a competente, en todo caso, para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción de tódolos contratos que celebre o referido Consorcio, sexán harmonizados ou non.

17.- Arbitraxe

FIMO, a través dos Pregos de Condicións ou ben, cando estes non existan, no contrato, poderá remitir a unha arbitraxe as diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción dos contratos que se asinen, de conformidade co previsto pola Lei 60/2003, do 23 de decembro, de Arbitraxe.

CAPÍTULO SEGUNDO

ÓRGANOS DE CONTRATACIÓN E ASISTENCIA

18.- Órgano de contratación de FIMO

1. Será considerado órgano de contratación de FIMO aquel ou aqueles que teñan atribuída a competencia para a celebración do oportuno contrato nos estatutos do Consorcio, ou aquel que actúe por apoderamento ou facultado por este.
2. Son competencias do órgano de contratación, sen prexuízo daquelas outras que lle poidan ser atribuídas nas presentes instrucións, as seguintes:
 - Acordar o inicio do expediente de contratación.
 - Aprobar os Pregos de Condicións polos que deba rexerse o contrato.
 - Adxudicar o contrato.
 - Calquera outra facultade que non sexa atribuída especificamente polas presentes instrucións a outros órganos do Consorcio.

19.- Responsable do contrato

De conformidade co artigo 41 da LCSP, o órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato, ao que lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que dito órgano lle atribúa. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada ó Consorcio ou alleo a él. Nos contratos de obras, as facultades do responsable do contrato entenderanse sen prexuízo das que correspondan ao Director Facultativo.

20.- Mesa de contratación

1. Co obxecto de asesorar ao órgano de contratación de FIMO, constituirase unha Mesa de contratación, que será a encargada de examinar a documentación presentada polos licitadores e de realizar unha proposta de adxudicación contractual, de conformidade cos criterios obxectivos de adxudicación previamente establecidos polo Prego de Condicións.
2. Non obstante o anterior, a constitución da Mesa de contratación terá carácter potestativo para o órgano de contratación nos casos nos que se acuda a un procedemento negociado sen publicidade.
3. A Mesa de contratación poderá solicitar os informes, internos ou externos, que considere necesarios para o exercicio das funcións e cometidos que ten asignados.
4. A concreta composición da Mesa de contratación será determinada no correspondente Prego de Condicións, e os seus membros serán nomeados polo órgano de contratación. Sen prexuízo do anterior, a Mesa de contratación deberá contar en todo caso cun Presidente, un Secretario e 3 vogais, entre os que deberá figurar unha persoa que teña atribuídas funcións de asesoramento xurídico da entidade e unha persoa que teña atribuídas funcións relativas ao control económico-financeiro da mesma.
5. Cando se siga o procedemento de diálogo competitivo, o órgano de contratación estará asistido dunha mesa especial, nos termos previstos nos artigos 163 e seguintes da LCSP.

CAPÍTULO TERCEIRO CAPACIDADE E SOLVENCIA

21.- Capacidade de obrar

1. Poderán contratar con FIMO as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, con plena capacidade de obrar de conformidade co disposto polos artigos 43 e 48 da LCSP, e non se atopen incursas en ningún dos supostos de prohibición de contratar aos que se refire o artigo 49, apartado 1, da citada Lei.
2. Corresponde ao órgano de contratación de FIMO apreciar a concorrencia das prohibicións de contratar, así como declárala respecto do Consorcio, aplicando de xeito análogo as regras contidas no artigo 50 da LCSP.

22.- Solvencia

1. A solvencia económica e financeira e técnica ou profesional será acreditada mediante a presentación dos documentos determinados polo órgano de contratación de conformidade co establecido nos artigos 64 e 68 da LCSP. O órgano de contratación de FIMO indicará nos Pregos de Condicións as condicións mínimas de solvencia económica e financeira e técnica ou profesional que os licitadores deban acreditar. Os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o licitador e a documentación requirida para acreditar os mesmos indicaranse no anuncio de licitación e especificaranse no Prego de Condicións, debendo estar vinculado ao obxecto do contrato e ser proporcionais a este.
2. O órgano de contratación de FIMO poderá admitir outros medios de acreditación da solvencia distintos dos establecidos polos artigos indicados no apartado anterior para os contratos non suxeitos a regulación harmonizada que licite. Neste caso, a documentación que sexa requirida para acreditar a solvencia deberá indicarse no anuncio de licitación e especificarse asemade no Prego de Condicións, debendo tamén en todo caso estar vinculada ao seu obxecto e ser proporcional a este.
3. En iguais supostos aos que requiren clasificación na LCSP, FIMO poderá esixir nos pregos de condicións unha determinada clasificación aos licitadores para definir as condicións de solvencia requiridas para asinar o correspondente contrato. Poderase esixir tamén a clasificación e unha solvencia de forma subsidiaria para o caso de non dispoñer de clasificación, que fose equivalente a aquela. A clasificación acreditará a solvencia dos empresarios respecto da celebración dos contratos do mesmo tipo que aqueles para os que fora obtida así como para cuxa celebración non se esixa estar en posesión desta

CAPÍTULO CUARTO GARANTÍAS

23.- Garantía provisional

1. O órgano de contratación poderá esixir aos licitadores a constitución dunha garantía provisional que responda do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación do contrato. O importe desta garantía non poderá ser superior ao 3 por 100 do orzamento do contrato, excluído o Imposto Sobre o Valor Engadido.
2. A garantía provisional poderá ser constituída en calquera das formas establecidas no artigo 84 da LCSP, e con suxeición ás demais condicións fixadas regulamentariamente.
3. A garantía provisional será devolta aos licitadores, unha vez se efectúe a adxudicación do contrato ou se declare deserta a licitación. Esta garantía provisional será incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

24.- Garantía definitiva e complementaria

1. O licitador que resulte adxudicatario provisional deberá acreditar, en calquera das modalidades especificadas no artigo 84 da LCSP no prazo de quince días naturais, contados a partir do seguinte ao da notificación da adxudicación provisional do contrato, a constitución dunha garantía definitiva, por importe do 5 por 100 do importe da adxudicación, excluído o Imposto Sobre o Valor Engadido.
2. En caso de tratarse de contratos con prezos provisionais dos previstos no artigo 75.5 da LCSP, a porcentaxe calcularase con referencia ao prezo máximo fixado. Cando a contía do contrato se determine en función de prezos unitarios, o importe da garantía a constituír será fixado atendendo ao orzamento base de licitación.
3. Sen prexuízo do anterior, o órgano de contratación de FIMO en función das circunstancias concorrentes no contrato, poderá eximir ao adxudicatario da obriga de constituír a garantía definitiva, previa xustificación nos Pregos de Condicións.
4. A garantía definitiva non será devolta ou cancelada ata que transcorra o prazo de devolución fixado no contrato e se cumprira satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista.
5. Asemade, e en casos especiais, o órgano de contratación poderá establecer no Prego de Condicións que, ademais da garantía definitiva, sexa prestada unha complementaria de ata un 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podendo acadar a garantía total un 10 por 100 do prezo do contrato.

CAPÍTULO QUINTO

25.- Tipoloxía dos contratos celebrados por FIMO

1. Os contratos que pode celebrar FIMO clasifícanse de conformidade coa seguinte tipoloxía:
 - a. Contratos suxeitos a regulación harmonizada
 - b. Contratos de servizos das categorías 17 a 27 do Anexo II da LCSP cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 206.000 euros (IVE excluído).
 - c. Contratos non suxeitos a regulación harmonizada
2. Asemade, FIMO poderá celebrar os seguintes contratos e negocios:
 - a. Contratos menores
 - b. Negocios e contratos excluídos do ámbito de aplicación da LCSP, previstos no artigo 4 da devandita norma.

En particular, estarán excluídos do ámbito de aplicación da LCSP e das presentes instrucións os Convenios que, con arranxo ás normas específicas que os regulan, celebre FIMO con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non esté comprendido no dos contratos regulados na LCSP ou en normas administrativas especiais. Tales convenios

regularanse polas súas normas especiais, sendo aplicables os principios da LCSP para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

3. Atendendo a actividade que desenrola FIMO, cabe distinguir os contratos que teñen por obxecto a cesión temporal das instalacións do Consorcio a un terceiro para a organización dun evento, coa finalidade de atender os fines propios do Consorcio (1). Pola súa natureza e características, ditos contratos non estarían sometidos ás prescricións da LCSP ó tratarse de negocios ou contratos excluídos do ámbito de aplicación da LCSP, e que se enumeran no artigo 4 da citada norma (2).

TÍTULO II

CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA

CAPÍTULO PRIMEIRO

CONSIDERACIÓNS XERAIS

26. Identificación

1. Os contratos suxeitos a regulación harmonizada son aqueles contratos que quedan sometidos á normativa comunitaria e, polo tanto, a un procedemento de adjudicación específico axustado aos requirimentos das Directivas comunitarias en materia de contratación.
2. Son contratos suxeitos a regulación harmonizada celebrados por FIMO, de conformidade co previsto nos artigos 13 a 17 da LCSP, os seguintes:
 - a. Contratos de obras e concesión de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 5.150.000 euros (IYE excluído).
 - b. Contratos de subministracións cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 206.000 euros (IVE excluído).

(1) O Consorcio ten como fines "la promoción de actividades comerciales, industriales, agroindustriales, sociales, educacionales, culturales y cualquier otra que tenga por objeto la promoción y desarrollo de estos sectores en Galicia, el nivel profesional de todos los sectores de la actividad económica, contribuyendo con esto a la elevación del nivel de vida del medio urbano y rural".

(2) A LCSP enumera no seu artigo 4 unha serie de negocios e contratos que se atopan excluídos da aplicación do mencionado texto normativo, entre os que cabe destacar, aos efectos aquí examinados, os seguintes:

Artigo 4.1, apartado p), "Os contratos de compravenda, donación, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, valores negociables e propiedades incorporais, a non ser que recaian sobre programas de ordenador e deban ser calificados como contratos de subministración ou servizos, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexeranse pola lexislación patrimonial. Nestos contratos non poderán incluírse prestacións que sexan propias dos contratos típicos regulados na Sección 1 a do Capítulo II do Título Preliminar, se o valor estimado das mesmas é superior ao 50% do importe total do negocio ou se non manteñen coa prestación característica do contrato patrimonial relacións de vinculación e complementariedade nos termos previstos no artigo 25; nestos dous supostos, ditas prestacións deberán ser obxecto de contratación independente con arranxo ao establecido nesta Lei".

Tal e como establece o apartado segundo do artigo 4 os contratos, negocios e relacións xurídicas excluídos regúlanse polas súas normas especiais, se ben se aplican os principios da propia Lei para resolver as dúbidas e lagoas que poidan xurdir na súa aplicación ou interpretación.

- c. Contratos de servizos das categorías 1 a 16 do Anexo 11 da LCSP cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 206.000 euros (IVE excluído).
 - d. Contratos de obras e de servizos que sexan subvencionados, de forma directa e en máis dun 50% do seu importe, por entidades que teñan a consideración de poderes adxudicadores, sempre que pertencen a algunha das categorías que establece o citado artigo 17 da LCSP.
 - e. Contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado, en todo caso .
3. Non obstante o anterior, non terán a consideración de contratos suxeitos a regulación harmonizada os contratos previstos no artigo 13.2 da LCSP.
 4. En canto aos contratos subvencionados, cando os mesmos sexan adxudicados por entidades do sector público que teñan a consideración de poder adxudicador, aplicaranse as normas de contratación previstas para estas entidades de conformidade coa súa natureza.

CAPÍTULO SEGUNDO

PREPARACIÓN

27.- Previsións do artigo 121.1 da LCSP

As normas da LCSP aplicables respecto da preparación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada que sexan celebrados por FIMO veñen representadas polo artigo 121.1 da citada norma. De conformidade co citado artigo, deberán observarse as regras establecidas no artigo 101 para a definición e establecemento de prescricións técnicas, sendo igualmente de aplicación o previsto nos artigos 102 a 104. No caso de que a celebración do contrato sexa necesaria para atender a unha necesidade inaprazable ou se resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público, o órgano de contratación poderá declarar urxente a súa tramitación, motivándoo debidamente na documentación preparatoria. En todo caso será de aplicación o previsto no artigo 96.2.b) respecto da redución de prazos.

28.- Contido mínimo do expediente de contratación

1. No expediente de contratación, que deberá ser aprobado polo órgano de contratación de FIMO previamente ao inicio do procedemento de adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada que licite, deberá recollese o contido mínimo que se establece no apartado seguinte, coa fin de levar a cabo unha axeitada determinación do contrato a celebrar, das condicións polas que deberá rexerse así como das previsións oportunas sobre o procedemento para adxudicalo que permitan a súa licitación con pleno respecto aos principios recollidos no artigo 1 da LCSP.
2. Dito contido mínimo do expediente de contratación é o seguinte:
 - Determinación da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado (artigo 22 LCSP).
 - Determinación da idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas (artigo 22 LCSP).
 - Definición do obxecto do contrato (artigos 26 e 74 LCSP).

- Referencia á lexislación aplicable ao contrato (artigo 26 LCSP).
- Identificación do órgano competente para contratar (artigo 40 LCSP), incluíndo a forma de acceso ao perfil de contratante (artigo 42 LCSP).
- Designación, no seu caso, do responsable do contrato (artigo 41 LCSP).
- Condicións de aptitude esixibles (artigo 43 e seguintes LCSP). Regras aplicables en relación coas empresas non comunitarias; condicións especiais de compatibilidade; empresas comunitarias; posibilidade de concorrer unións de empresarios; prohibicións de contratar.
- En particular, as condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica, vinculadas ao obxecto do contrato e proporcionais a este, que se esixan para ser admitido á licitación, así como a documentación requirida para acreditar as mesmas.
- No seu caso, esixencia de clasificación (artigo 54 LCSP).
- A enumeración dos documentos que integran o contrato (artigo 26 LCSP).
- Fixación do orzamento de licitación, atendendo ao prezo xeral de mercado (artigos 75 LCSP e 26 LCSP). Cálculo do valor estimado do contrato de acordo coas regras legais (artigo 76 LCSP).
- O programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso (artigo 26 LCSP).
- No seu caso, garantías provisionais e definitivas que se esixan, incluíndo o importe da garantía, formas de presentación así como o réxime da súa devolución ou cancelación (artigo 92 LCSP).
- Procedemento aplicable para a adxudicación do contrato, incluíndo os criterios de adxudicación e a posibilidade de ofertar variantes e melloras. De acordo co artigo 10.5 da Lei 4/2006, nos contratos en que se utilice máis dun criterio de adxudicación, e salvo as excepcións que poidan establecerse en resolución motivada do órgano de contratación cando a relación entre a calidade e o prezo así o esixa, a ponderación do prezo como criterio de adxudicación do contrato non será inferior ao 40% da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas.
- Perfección do contrato e distinción entre adxudicación provisional e definitiva nos contratos harmonizados (artigo 27 LCSP).
- Previsións sobre a formalización do contrato (artigo 28 LCSP).
- Prazo de duración do contrato e posibles prórrogas (artigos 23 e 26 LCSP); as datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización (artigo 26 LCSP).

- Pactos, cláusulas e condicións definidores dos dereitos e obrigas das partes do contrato, establecidos ao amparo do principio de liberdade de pactos (artigo 25 LCSP).
 - Prescricións técnicas esixibles ás prestacións (artigo 101 LCSP).
 - As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións (artigo 26 LCSP).
 - As condicións de pagamento (artigo 26 LCSP).
 - Posibilidade de revisión ou actualización do prezo para ter en conta as variacións económicas que acaezan durante a execución do contrato (artigo 75 LCSP).
 - No seu caso, condicións de aprazamento do pagamento do prezo (artigo 75.7 LCSP).
 - No seu caso, condicións especiais de execución do contrato (artigo 102 LCSP)
 - Os supostos en que procede a resolución (artigo 26 LCSP).
 - A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao contratista (artigo 26 LCSP).
 - Réxime de invalidez nos contratos suxeitos a regulación harmonizada (artigo 31 e seguintes LCSP).
 - Previsión do recurso especial en materia de contratación e órgano competente para resolvelo (artigo 37 LCSP).
 - Previsión, se é o caso, do sometemento a arbitraje da solución das diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción do contrato (artigo 39 LCSP).
 - Se é o caso, información sobre as obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio, emprego, e condicións laborais e información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo (artigos 103 e 104 LCSP) .
3. As citadas previsións deberán ser recollidas nun Prego de Condicións, que formará parte integrante do contrato. Cando se estime pertinente separar do clausulado xurídico do contrato as características técnicas das prestacións, as súas calidades e a regulación da súa forma de execución nos seus aspectos técnicos, aprobarase un prego de prescricións técnicas que recollerá estes extremos.
 4. O expediente deberá referirse á totalidade do obxecto do contrato, sen prexuízo do previsto no apartado 3 do artigo 74 LCSP acerca da súa eventual división en lotes.

29.- Regras procedimentais aplicables

1. O órgano de contratación de FIMO será o competente para iniciar o expediente de contratación e motivar a necesidade do contrato nos termos do artigo 22 da LCSP.
2. O prego de condicións e o de prescricións técnicas que rexan o contrato incorporaranse ao expediente de contratación.
3. Os pregos de condicións que rexan a licitación serán obxecto de informe polo órgano que teña encomendada a asesoría xurídica de FIMO, o cal se incorporará ao expediente de contratación. Non obstante o anterior, non resultará necesaria a emisión do citado informe xurídico cando o prego de condicións se axuste a un modelo de prego de condicións aprobado previo informe xurídico polo órgano de contratación para determinadas categorías de contratos de natureza análoga.
4. O expediente de contratación deberá incorporar asemade o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa.
5. Unha vez que sexa completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

30.- Tramitación urgente

1. Nos casos en que a celebración do contrato sexa necesaria para atender unha necesidade inaprazable ou se resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público o órgano de contratación poderá declarar urgente a súa tramitación, motivándoo debidamente na documentación preparatoria. Nestes casos resultará de aplicación o previsto no artigo 96.2.b) sobre redución de prazos.
2. Nos casos en que se acuda á tramitación urgente, o contrato gozará de preferencia para o seu despacho polos órganos que interveñan na súa tramitación.
3. Nestes supostos, o Prego de Condicións preverá a posibilidade de que o órgano de contratación poida acordar o comezo da execución do contrato aínda que non se formalizara este, sempre que se constituíra a garantía correspondente, no caso de resultar esixible.

31.- Tramitación de emerxencia

En casos excepcionais nos que a entidade teña que actuar de xeito inmediato a causa de acontecementos catastróficos ou de situacións que supoñan grave perigo, FIMO poderá acudir a unha tramitación de emerxencia. Nestes supostos, aplicaranse regras análogas ao réxime excepcional establecido para as Administracións Públicas no artigo 97 da LCSP.

32.- Regras específicas de preparación de determinados contratos

1. Nos contratos de obras observaranse as seguintes regras específicas:
 - a) Deberá procederse á previa elaboración, supervisión, aprobación e reformulo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación salvo que tal competencia estea especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica.
 - b) En caso de adxudicación conxunta de proxecto e obra, a execución desta quedará condicionada á supervisión, aprobación e reformulo do proxecto polo órgano de contratación.
 - e) Resultarán de aplicación as normas contidas nos artigos 106 e 107 da LCSP respecto da clasificación das obras e o contido dos proxectos.
 - d) En caso de que a elaboración do proxecto sexa contratada integramente por FIMO será previsto nos pregos que o autor ou autores deste incorrerán en responsabilidade nos termos establecidos nos artigos 286 a 288 LCSP.
 - e) Resultarán de aplicación as regras contidas no artigo 108 da LCSP respecto da contratación conxunta da elaboración do proxecto e a execución das obras correspondentes.
 - f) Nos supostos indicados no artigo 109 da LCSP, o órgano de contratación, antes da aprobación do proxecto, deberá solicitar un informe de supervisión do proxecto.
 - g) Unha vez aprobado o proxecto e con carácter previo á tramitación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar o reformulo de esta, segundo o establecido polo artigo 110 LCSP.
2. Nos contratos de concesión de obras públicas, aplicaranse regras de preparación do contrato análogas ás establecidas polos artigos 112 e seguintes da LCSP.
3. Nos contratos de colaporaación entre o sector público e o sector privado estarase ao disposto nos artigos 118 e seguintes da LCSP.

CAPÍTULO TERCEIRO ADXUDICACIÓN

33.- Consideracións xerais

A adxudicación destes contratos rexerese polas normas que especifican os artigos 122 a 172 da LCSP, coas particularidades previstas polo artigo 174 da citada norma.

34.- Procedementos de adxudicación

Os contratos suxeitos a regulación harmonizada celebrados por FIMO adxudicaranse, de conformidade coas normas previstas na LCSP, por algún dos seguintes procedementos:

- Procedemento aberto
- Procedemento restrinxido
- Procedemento negociado
- Diálogo competitivo
- Procedemento específico do concurso de proxectos.

35.- Publicidade dos procedementos de licitación

1. Anuncio previo

FIMO poderá publicar un anuncio de información previa no Diario Oficial da Unión Europea ou no seu perfil de contratante nos termos previstos no artigo 125 da LCSP.

2. Anuncio de licitación

a) A licitación deberá publicarse no Diario Oficial da Unión Europea.

b) Levarase a cabo a inserción da información correspondente na Plataforma de Contratación á que se refire o artigo 309 da LCSP ou no sistema equivalente xestionado pola Administración autonómica de Galicia, sen prexuízo da utilización de medios adicionais con carácter voluntario.

c) Os anuncios de licitación publicaranse, así mesmo, no perfil de contratante de FIMO.

3. Anuncio de adxudicación

a) Adxudicación provisional

A adxudicación provisional deberá publicarse no perfil de contratante de FIMO.

b) Adxudicación definitiva

A adxudicación definitiva deberá publicarse no Diario Oficial da Unión Europea, na Plataforma de Contratación á que se refire o artigo 309 da LCSP ou no sistema equivalente xestionado pol a Administración autonómica de Galicia e no perfil de contratante de FIMO.

4. Notificación da adxudicación a candidatos e licitadores

Tanto a adxudicación provisional como definitiva do contrato, que en todo caso deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores.

Se os interesados o solicitan, facilitaráselles información, nun prazo máximo de quince días a partir da recepción da petición en tal sentido, dos motivos do rexeitamento da súa candidatura ou da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor. O citado prazo reducirase a cinco días hábiles no caso da adxudicación provisional.

FIMO poderá non comunicar determinados datos relativos á adxudicación cando considere, xustificándoo debidamente no expediente, que a divulgación desa información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre elas, ou cando se trate de contratos declarados segredos ou reservados ou cuxa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais conforme á lexislación vixente, ou cando o esixa a protección dos intereses esenciais da seguridade do Estado e así se declarara de acordo co artigo 13.2.d) da LCSP.

5. Segundo o establecido polo artigo 10.3 da Lei 4/2006, e segundo o que regulamentariamente se determine, o órgano de contratación publicará na súa páxina web, unha vez adxudicado o contrato público, información sobre: os licitadores; os criterios de selección e a súa valoración; o cadro comparativo das ofertas económicas; a puntuación obtida por cada oferta, detallando a outorgada para cada un dos criterios de valoración; o resumo da motivación da valoración obtida; e o adxudicatario.

36.- Prazos previstos para a tramitación

1. Resultarán de aplicación as previsións contidas na LCSP en relación aos prazos para a presentación de solicitudes de participación, prazos para a presentación das proposicións e prazos para a adxudicación dos contratos.
2. En virtude do artigo 128 da LCSP, en caso de que o expediente de contratación fora declarado de tramitación urxente, resultará de aplicación o establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 96 da LCSP sobre redución de prazos.

37.- Proposicións dos interesados e admisibilidade de variantes ou melloras

1. As proposicións dos interesados axustaranse as previsións contidas nos artigos 129 e 130 da LCSP. Nos pregos recollerase sempre a cláusula de que a presentación da proposición dos interesados supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva ningunha.
2. Respecto do réxime de admisibilidade de variantes ou melloras, atenderase ás regras contidas no artigo 131 da LCSP.

38.- Criterios de adxudicación do contrato

1. Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa debe atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, tales como os seguintes: a calidade, o prezo, a asunción do compromiso de manter este invariable como prezo cerrado, a fórmula utilizable para revisar as retribucións ligadas á utilización da obra ou á prestación do servizo, o prazo de execución ou entrega da prestación, o custe de utilización, as características medioambientais ou vinculadas coa satisfacción de esixencias sociais que respondan a necesidades, definidas nas especificacións do contrato, propias das categorías de poboacións especialmente desfavorecidas ás que pertencen os usuarios ou beneficiarios das prestacións a contratar, a rendibilidade, o valor técnico, as características

estéticas ou funcionais, a dispoñibilidade e custo dos repostos, o mantemento, a asistencia técnica, o servizo postvenda ou outros semellantes.

2. Cando só se utilice un criterio de adxudicación, este será, necesariamente, o do prezo máis baixo.
3. Os criterios que servirán de base para a adxudicación do contrato determinaranse polo órgano de contratación e detallaranse no anuncio, nos pregos de condicións ou no documento descritivo. Na determinación dos criterios de adxudicación darase preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos. Neste sentido, a avaliación das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas realizarase tras efectuar previamente a de aqueles outros criterios en que non conorra esta circunstancia, deixándose constancia documental disto.
4. A valoración de máis dun criterio procederá na adxudicación dos contratos recollidos no artigo 134.3 da LCSP.
5. Cando se tome en consideración máis dun criterio, deberá precisarse a ponderación relativa atribuída a cada un de eles, que poderá expresarse fixando unha banda de valores cunha amplitude axeitada. No caso de que o procedemento de adxudicación se articule en varias fases, indicarse igualmente en cales de elas se irán aplicando os distintos criterios, así como o límite mínimo de puntuación esixido ao licitador para continuar no proceso selectivo. Cando por razóns debidamente xustificadas non sexa posible ponderar os criterios elixidos, estes enumeraranse por orde decrecente de importancia.
6. Os criterios elixidos e a súa ponderación indicaranse no anuncio de licitación, en caso de que deba publicarse.
7. Os pregos do contrato poderán establecer penalidades conforme ao artigo 196.1 da LCSP para os casos de incumprimento ou de cumprimento defectuoso da prestación que afecten a características da mesma que se tiveran en conta para definir os criterios de adxudicación, ou atribuír á puntual observancia destas características o carácter de obriga contractual esencial aos efectos do artigo 206.h) da citada norma.
8. Respecto dos criterios de preferencia na adxudicación aos que pode acudir FIMO en caso de empate entre dúas ou máis ofertas, estarase ao disposto na Disposición Adicional Sexta da LCSP.
9. Cando se siga un procedemento aberto ou restrinxido no que se atribúa aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas unha ponderación inferior á correspondente aos criterios a cuantificación da cal dependa dun xuízo de valor, o informe de valoración necesario para a avaliación das ofertas conforme aos criterios que dependan dun xuízo de valor poderá ser efectuado por un técnico ou técnicos que poderán depender do órgano da sociedade propoñente do contrato, sen que deba constituirse o comité de expertos previsto no artigo 134.2 da LCSP. Sen prexuízo diso, o órgano de contratación poderá decidir o nomeamento do comité de expertos. Tamén poderá encomendarse esta avaliación a un organismo técnico especializado, debidamente identificado nos pregos.

39.- Exame das proposicións e proposta de adxudicación nos procedementos abertos en que non se recollan criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

1. A mesa de contratación cualificará previamente a documentación a que se refire o artigo 130 da LCSP. Esta documentación deberá presentarse polos licitadores en sobre distinto ao que conteña a proposición.
2. A mesa de contratación, no día sinalado no anuncio, procederá á apertura das proposicións en acto público, salvo cando se prevexa que na licitación poidan empregarse medios electrónicos.
3. Cando para a valoración das proposicións se haxan de ter en conta criterios distintos ao do prezo, pediranse pola mesa de contratación, de consideralos necesarios, os informes técnicos pertinentes.
4. A mesa de contratación formulará a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación, unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario.
5. Precisarase nos pregos que a proposta de adxudicación non crea dereito ningún en favor do licitador proposto.

40.- Exame das proposicións e proposta de adxudicación nos procedementos abertos e restrinxidos cando se recollan criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e criterios avaliáveis de forma automática por aplicación de fórmulas.

1. Cando nunha licitación que se siga por un procedemento aberto ou restrinxido se recollan criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e criterios avaliáveis de forma automática por aplicación de fórmulas, realizarase en primeiro lugar a avaliación das ofertas conforme aos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, deixándose constancia documental diso.
2. Nestes casos, os pregos establecerán a presentación da proposición dividida en dous sobres para facer posible a indicada valoración separada. Non se procederá á apertura pública do sobre no que figure a parte da proposición valorable de forma automática ata que se realice a avaliación das ofertas conforme aos criterios a cuantificación da cal dependa dun xuízo de valor.

41.- Clasificación das ofertas e adxudicación provisional e definitiva do contrato

1. FIMO clasificará as proposicións presentadas, por orde decrecente, atendendo aos criterios a que fai referencia o número 38 das presentes instrucións, a cuxo efecto, cando deban terse en conta unha pluralidade de criterios de adxudicación, FIMO poderá solicitar cantos informes técnicos estime pertinentes, e adxudicará provisionalmente o contrato ao licitador que presentara a oferta que resulte economicamente máis vantaxosa. Non obstante, cando o único criterio a considerar sexa o prezo, entenderase que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.

Polo tanto, FIMO non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

2. Non obstante, a adxudicación ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa non procederá cando FIMO presuma fundamentadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia da inclusión na mesma de valores anormais ou desproporcionados.
3. A adxudicación provisional será acordada por FIMO mediante resolución motivada e deberá ser notificada aos candidatos e publicarse no perfil de contratante de FIMO nun prazo de cinco días hábiles. Nos procedementos negociados e de diálogo competitivo, a adxudicación provisional concretará e fixará os termos definitivos do contrato.
4. A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique aquela no perfil de contratante de FIMO. Durante ese prazo, o adxudicatario deberá presentar a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que se comprometeran a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2 da LCSP que lle reclame FIMO así como constituír a garantía que, no seu caso, sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cousa nos pregos.
5. A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de quince días hábiles que deben transcorrer dende que se publique a adxudicación nun diario oficial ou no perfil de contratante de FIMO sempre que o adxudicatario teña presentado a documentación indicada e constituído a garantía definitiva, en caso de ser esixible, e sen prexuízo da eventual revisión de aquela en vía de recurso especial.
6. Cando non proceda a adxudicación definitiva do contrato ao licitador que houberse resultado adxudicatario provisional por non cumprir este as condicións necesarias para isto, antes de proceder a unha nova convocatoria, FIMO poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde na que quedaran clasificadas as súas ofertas, sempre que isto fose posible e que o novo adxudicatario prestara a súa conformidade, en cuxo caso se concederá a este un prazo de dez días hábiles para cumprimentar o sinalado no apartado anterior.

42.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

1. Cando o único criterio valorable de forma obxectiva a considerar para a adxudicación do contrato sexa o do seu prezo, para apreciar o carácter desproporcionado ou anormal das ofertas estarase aos parámetros obxectivos que se establezan nos pregos.

2. Nos casos en que para a adxudicación deba considerarse máis dun criterio de valoración, os pregos poderán expresar os parámetros obxectivos en función dos cales se apreciará, no seu caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados. En particular, se o prezo ofertado é un dos criterios obxectivos que han servir de base para a adxudicación, poderán indicarse no prego os límites que permitan apreciar, no seu caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de ofertas desproporcionadas ou anormais.
3. Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberá darse audiencia ao licitador que a presentara para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e ás condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado.
4. No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente.
5. Se a oferta é anormalmente baixa debido a que o licitador obtivera unha axuda de Estado, só poderá rexeitarse a proposición por esta única causa se aquel non pode acreditar que tal axuda se concedera sen contravir as disposicións comunitarias en materia de axudas públicas. FIMO, se rexeita unha oferta por esta razón, deberá informar disto á Comisión Europea, cando o procedemento de adxudicación se refira a un contrato suxeito a regulación harmonizada.
6. Se FIMO, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado anterior, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, acordará a adxudicación provisional a favor da seguinte proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo coa orde na que foran clasificadas, que se estime pode ser cumprida a satisfacción da Administración e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada.

43.- Poxa electrónica

A poxa electrónica poderá ser empregada por FIMO nos termos previstos no artigo 132 da LCSP.

44.- Racionalización técnica

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada que celebre FIMO poderán aplicarse os sistemas para a racionalización da contratación previstos na LCSP, en cuxo caso FIMO, deberá axustarse ás regras contidas no Título II do Libro III da citada norma.

CAPÍTULO CUARTO

RÉXIME DE INVALIDEZ E IMPUGNACIÓN

45.- Réxime de invalidez dos contratos suxeitos a regulación harmonizada

Resultarán de aplicación as previsións contidas nos artigos 31 e seguintes da LCSP respecto do réxime de invalidez e revisión de oficio. Os Pregos de Condicións deberán recoller unha mención ao citado réxime

46.- Recurso especial en materia de contratación e medidas provisionais

Respecto dos contratos suxeitos a regulación harmonizada, incluídos os contratos subvencionados, e os contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo 11 da LCSP de contía igual ou superior a 206.000 euros (IVE excluído) resultarán de aplicación as previsións dos artigos 37 e 38 da LCSP en relación ao recurso especial en materia de contratación e medidas provisionais.

TÍTULO III

CONTRATOS DE SERVIZOS INCLUÍDOS NAS CATEGORÍAS 17 A 27 DO ANEXO II DA LCSP CUXO VALOR ESTIMADO SEXA IGUAL OU SUPERIOR A 206.000 EUROS (IVE EXCLUÍDO)

47.- Réxime xurídico

1. Os contratos de servizos das categorías 17 a 27 do Anexo II da LCSP cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 206.000 euros (IVE excluído), pese a non ter a consideración de contratos suxeitos a regulación harmonizada, quedan suxeitos ao previsto en materia de preparación á dita regulación harmonizada.
2. A adxudicación destes contratos realizarase de conformidade co previsto nas presentes instrucións para os contratos non suxeitos a regulación harmonizada.

TÍTULO IV

CONTRATOS MENORES

48.- Contratos menores

1. Teñen a consideración de contratos menores os contratos de obras de contía inferior a 50.000 euros e os restantes contratos de contía inferior a 18.000 euros. Ambas contías entenderanse co IVE excluído.
2. Os contratos menores serán adxudicados polo procedemento de adxudicación directa a calquera empresario que dispoña de capacidade de obrar así como da habilitación profesional necesaria para a execución da prestación obxecto do contrato.

49.- Expediente de contratación nos contratos menores

A tramitación dos contratos menores que celebre FIMO axustarase ás seguintes previsións:

1. Nos contratos menores non será necesario aprobar un Prego de Condicións, de tal xeito que unicamente será necesario proceder á elaboración dunha memoria na que se determinarán as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado de conformidade co establecido polo artigo 22 da LCSP e na que se definirá o obxecto do contrato segundo o previsto polo artigo 74 de dita Lei.
2. A citada memoria deberá facer alusión ao crédito orzamentario ou o programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso. Asemade, esta memoria poderá ter un contido sumario, atendidas as circunstancias do caso e especialmente a súa contía.
3. Nos contratos menores de obras resultará igualmente necesario proceder á aprobación do orzamento das mesmas, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Asemade, será necesario solicitar un informe de supervisión cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
4. Procederase á aprobación do gasto polo órgano de contratación.
5. Pola súa banda, non resultará necesario proceder á formalización por escrito nin tampouco ao cumprimento do contido mínimo dos contratos establecido polo artigo 26, salvo nos contratos que presenten certa complexidade ou contía, en que se requirirá a formalización e a constancia por escrito dos pactos e condicións.
6. Ao expediente de incorporación incorporárase a factura correspondente.

TÍTULO V

CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA

CAPÍTULO PRIMEIRO

ASPECTOS XERAIS

50.- Contratos non suxeitos a regulación harmonizada: identificación.

1. Teñen a consideración de contratos non suxeitos a regulación harmonizada os celebrados por FIMO que non estean incluídos nas tipoloxías aludidas nos títulos segundo e terceiro.
2. En concreto, son contratos non suxeitos a regulación harmonizada:
 - a) Os contratos relacionados no artigo 13.2 da LCSP.
 - b) Os contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II da LCSP, sen prexuízo de que cando sexan de importe igual ou superior a 206.000 euros a súa preparación se rexa polas normas propias dos contratos suxeitos a regulación harmonizada.

c) Os contratos de obras, de concesión de obras, os contratos de subministracións e os contratos de servizos comprendidos nas categorías 1 a 16 do Anexo II da LCSP, ambas inclusive, cando non superen as seguintes contías:

- Contratos de obras e concesión de obras: 5.150.000 euros (IVE excluído)
- Contratos de subministracións e servizos: 206.000 euros (IVE excluído).

CAPÍTULO SEGUNDO

PREPARACIÓN DOS CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA CELEBRADOS POR FIMO

51.-Contratos non suxeitos a regulación harmonizada distintos de obras de contía comprendida entre os 18.000 euros e os 50.000 euros (IVE excluído)

1. Nestes contratos o Consorcio elaborará un prego, o cal haberá de revestir o seguinte contido:
 - Definición do obxecto do contrato.
 - Descrición da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado.
 - Determinación da idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas.
 - Cláusulas determinantes dos dereitos e obrigas das partes contratantes.
 - Prezo do contrato e impostos aplicables, con indicación do programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo.
 - No seu caso, fórmula para a revisión do prezo do contrato.
 - Duración e prórrogas do contrato.
 - Procedemento e forma de adxudicación contractual.
 - Prazo de recepción de ofertas.
 - Documentación a presentar polos licitadores e forma de presentación das ofertas. Neste sentido concretaranse as condicións de aptitude esixibles así como as condicións mínimas de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional.
 - Criterios obxectivos nos que haberá de basearse a adxudicación contractual.
 - Lugar e data de entrega ou execución do contrato.
 - Prescricións técnicas esixibles ás prestacións.
 - No seu caso, condicións especiais de execución do contrato.

- Garantías esixidas
- Forma de pago e obriga da emisión de factura
- No seu caso, consideracións de tipo medioambiental ou social.
- No seu caso, esixencia de habilitacións e/ou certificacións derivadas do tipo de servizo ou subministración contratado.
- Réxime xurídico do contrato e xurisdición competente, así como, no seu caso, a posibilidade de sometemento a arbitraje.
- Identificación do órgano competente para contratar do Consorcio e forma de acceso ao perfil de contratante.
- Designación, no seu caso, do responsable do contrato.
- Enumeración dos documentos que integran o contrato.
- Causas de resolución contractual.
- Calquera outro requisito e/ou condición, sempre que se garantan os principios enumerados no número 57 das presentes instrucións.

52.-Contratos non suxeitos a regulación harmonizada de contía superior a 50.000 euros e contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía inferior a 206.000 euros e superior a 50.000 euros (IVE excluído)

1. Para a preparación deste tipo de contratos haberá de atenderse ao establecido polo artigo 121.2 da LCSP, de tal xeito que será necesario que o Consorcio elabore un Prego de Condicións que será parte integrante do contrato. Dito Prego conterá, como mínimo, a seguinte información:
 - Determinación da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado (artigo 22 LCSP).
 - Determinación da idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas (artigo 22 LCSP).
 - Definición do obxecto do contrato (artigos 26 e 74 LCSP).
 - Referencia á lexislación aplicable ao contrato (artigo 26 LCSP).
 - Identificación do órgano do Consorcio competente para contratar (artigo 40 LCSP), incluíndo a forma de acceso ao perfil de contratante (artigo 42 LCSP).
 - Designación, no seu caso, do responsable do contrato (artigo 41 LCSP).
 - Condicións de aptitude esixibles (artigo 43 e seguintes LCSP). Regras aplicables en relación coas empresas non comunitarias; condicións especiais de

compatibilidade; empresas comunitarias; posibilidade de concorrer unións de empresarios; prohibicións de contratar.

- En particular, as condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica, vinculadas ao obxecto do contrato e proporcionais a este, que se esixan para ser admitido á licitación, así como a documentación requirida para acreditar as mesmas.

- No seu caso, esixencia de clasificación (artigo 54 LCSP).

- A enumeración dos documentos que integran o contrato (artigo 26 LCSP).

- Fixación do orzamento de licitación, atendendo ao prezo xeral de mercado (artigos 75 e 26 LCSP). Cálculo do valor estimado do contrato de acordo coas regras legais (artigo 76 LCSP).

- O programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso (artigo 26 LCSP).

- No seu caso, garantías provisionais e definitivas que se esixan, incluíndo o importe da garantía, formas de presentación así como o réxime da súa devolución ou cancelación (artigo 92 LCSP).

- Procedemento aplicable para a adxudicación do contrato, incluíndo as modalidades de recepción das ofertas, os criterios de adxudicación e a posibilidade de ofertar variantes e melloras (artigo 121.2 LCSP). De acordo coa Lei 4/2006, nos contratos en que se utilice máis dun criterio de adxudicación, e salvo as excepcións que poidan establecerse en resolución motivada do órgano de contratación cando a relación entre a calidade e o prezo así o esixa, a ponderación do prezo como criterio de adxudicación do contrato non será inferior ao 40% da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas (artigo 10.5).

- Perfección do contrato e distinción entre adxudicación provisional e definitiva.

- Previsións sobre a formalización do contrato (artigo 28 LCSP).

- Prazo de duración do contrato e posibles prórrogas (artigos 23 e 26 LCSP); as datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización (artigo 26 LCSP).

- Pactos, cláusulas e condicións definidoras dos dereitos e obrigas das partes do contrato, establecidos ao amparo do principio de liberdade de pactos (artigo 25 LCSP). Para determinar o contido razoable ou suficiente de cada contrato deberá estarse á súa complexidade, características, natureza e importancia económica. Para protexer os intereses de FIMO buscarase no clausulado unha definición suficiente dos dereitos e obrigas das partes e en particular das prestacións que se buscan.

- Prescricións técnicas esixibles ás prestacións. Non poderán establecerse prescricións técnicas que mencionen fabricación ou procedencias determinadas, ou procedementos concretos ou contendo referencias a marcas,

patentes ou tipos, orixes ou producións determinadas, salvo que o xustifique o obxecto do contrato. Estarase ao establecido no artigo 101 LCSP en canto á definición das prescricións técnicas.

- As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións (artigo 26 LCSP).
 - As condicións de pagamento (artigo 26 LCSP).
 - Posibilidade de revisión ou actualización do prezo para ter en conta as variacións económicas que acaezan durante a execución do contrato (artigo 75 LCSP).
 - No seu caso, condicións de aprazamento do pagamento do prezo (artigo 75.7 LCSP).
 - No seu caso, condicións especiais de execución do contrato, que terán que ser compatibles co dereito comunitario.
 - Os supostos nos que procede a resolución (artigo 26 LCSP).
 - A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se imponha ao contratista (artigo 26 LCSP).
 - Previsión, se é o caso, do sometemento a arbitraje da solución das diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción do contrato (artigo 39 LCSP).
 - Se é o caso, información sobre as obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio, emprego, e condicións laborais e información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo (artigos 103 e 104 LCSP).
2. O Prego de Condicións deberá referirse á totalidade do contrato, sen prexuízo do establecido polo artigo 74.3 da LCSP respecto da división en lotes.

53.- Prego de Prescricións Técnicas.

Nos casos en que se estime axeitado separar do clausulado xurídico do contrato as características técnicas das prestacións, as súas calidades e a regulación da súa forma de execución nos seus aspectos técnicos, e cando así o requiran as características do obxecto do contrato, elaboraranse as prescricións técnicas necesarias, que poderán constituír un Prego independente.

54.- Documentación complementaria

Xunto cos pregos, acompañarase a documentación complementaria que resulte necesaria.

55.- Documentación de valor contractual

Terán valor contractual os seguintes documentos:

- Prego de Condicións.
- Prego de Prescricións Técnicas, no seu caso.
- Oferta do licitador adxudicatario, aceptada polo Consorcio.
- Documentación complementaria.
- Documento de formalización do contrato.
- Calquera outra documentación adicional á que se lle puidese dar tal valor no Prego de Condicións.

56.- Regras de procedemento aplicables

Resultarán de aplicación as previsións contidas nos números 29 a 32 das presentes instrucións, excepto o apartado 3 do citado número 32 relativo ás regras específicas de preparación dos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado, dada a súa condición de contratos suxeitos a regulación harmonizada en todo caso.

CAPÍTULO TERCEIRO ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS SECCIÓN PRIMEIRA CONSIDERACIÓNS XERAIS

57.- Principios aplicables á adxudicación destes contratos

1. De conformidade co artigo 175 da LCSP, a adxudicación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada que celebre FIMO estará suxeita aos seguintes principios:
 - Principio de Publicidade: FIMO levará a cabo a publicidade dos anuncios de licitación e a publicación das contratacións cursadas de conformidade co previsto nas presentes instrucións.
 - Principio de Concurrencia: FIMO permitirá o acceso de diferentes empresas para a contratación, en aras a promover a competencia, de xeito que se obteña unha oferta axeitada ao mercado e óptima para dito Consorcio.
 - Principio de Transparencia: FIMO seguirá procedementos de contratación de acordo coas normas contidas nas presentes instrucións e segundo os requirimentos que en cada momento se determinen no Prego de Condicións.

- Principio de Confidencialidade: FIMO non divulgará información facilitada polos empresarios que estes designaran como confidencial. Este carácter afecta en particular aos segredos técnicos e comerciais e aos aspectos confidenciais das ofertas.
 - Principio de Igualdade e non discriminación: FIMO dará aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio, garantindo que todos eles dispoñan da mesma información sobre o contrato.
2. FIMO garantirá que o contrato é adxudicado á oferta economicamente máis vantaxosa, xustificando que a oferta seleccionada é a máis vantaxosa para o Consorcio e responde ás súas necesidades de conformidade cos criterios obxectivos de adxudicación establecidos no Prego de Condicións.

58.- Publicidade das licitacións

Resultarán de aplicación as seguintes previsións en materia de publicidade:

a) Deberá publicarse o correspondente anuncio de licitación no perfil de contratante de FIMO, sen prexuízo dos mecanismos adicionais ou complementarios de publicidade que, no seu caso, sexan artellados polo Consorcio.

b) De conformidade co establecido polo artigo 10.2 da Lei 4/2006 a publicidade na páxina Web de FIMO terá o seguinte contido mínimo: obxecto do contrato, prezo, referencia ao diario oficial no que foi publicado o anuncio, no seu caso; data de finalización do prazo de recepción de ofertas ou solicitudes de participación; lugar onde estas haberán de ser presentadas, así como os pregos de condicións e prescricións técnicas.

59.- Prazo mínimo de presentación de ofertas ou solicitudes de participación

FIMO establecerá os prazos de presentación de ofertas ou das solicitudes de participación no procedemento atendendo ao tempo que, razoablemente, poida ser necesario para a súa preparación, segundo a complexidade do contrato en cuestión. En calquera caso, este prazo non poderá ser inferior a dez días, nos termos previstos nas presentes instrucións.

60.- Proposicións dos interesados e admisibilidade de variantes ou melloras

Estarase ao disposto no número 37 das presentes instrucións respecto dos contratos suxeitos a regulación harmonizada

61.- Poxa electrónica

Resultará de aplicación o previsto no número 43 das presentes instrucións respecto dos contratos suxeitos a regulación harmonizada.

62- Clasificación das ofertas e adxudicación provisional e definitiva do contrato

FIMO observará as normas que sobre este particular se conteñen no número 41 das presentes instrucións para os contratos non suxeitos a regulación harmonizada de contía superior a 50.000 euros, IVE excluído.

63.- Notificación a candidatos e licitadores e publicidade das adxudicacións

1. A adxudicación definitiva do contrato, que en todo caso deberá ser motivada, será notificada aos candidatos ou licitadores. No caso de que os interesados así o soliciten, facilitaráselles información, nun prazo máximo de quince días a partir da recepción da petición en tal sentido, dos motivos do rexeitamento da súa candidatura ou da súa proposición así como das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.
2. Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non comunicar determinados datos relativos á adxudicación cando considere, previa xustificación no expediente de contratación, que concorren as circunstancias ás que se refire o artigo 137 da LCSP.
3. A adxudicación definitiva dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada cuxa contía sexa superior a 50.000 euros, IVE excluído, publicárase no perfil de contratante de FIMO, segundo o establecido polo artigo 10.3 da Lei 412006, e en atención ao que regulamentariamente se determine, o órgano de contratación de FIMO publicará na súa páxina web, unha vez adxudicado o contrato público, información sobre: os licitadores; os criterios de selección e a súa valoración; o cadro comparativo das ofertas económicas; a puntuación obtida por cada oferta, detallando a outorgada para cada un dos criterios de valoración; o resumo da motivación da valoración obtida; e o adxudicatario.

64.- Renuncia á celebración do contrato e desistencia do procedemento de adxudicación

1. No suposto de que o órgano de contratación de FIMO renuncie a asinar un contrato para o que efectuara a correspondente convocatoria, ou decida reiniciar o procedemento para a súa adxudicación, tal circunstancia será notificada aos candidatos ou licitadores.
2. O órgano de contratación unicamente poderá acordar a renuncia á celebración do contrato ou a desistencia do procedemento para a súa adxudicación antes de que recaera a adxudicación provisional. Nestes supostos os candidatos ou licitadores deberán ser compensados polos gastos en que tivesen incorrido, do xeito previsto no anuncio de licitación ou no Prego de Condicións, ou ben segundo o que se derive dos principios xerais en materia de responsabilidade por danos.
3. Únicamente será posible que o órgano de contratación renuncie á celebración do contrato en caso de concorrer razóns de interese público que deberán estar debidamente xustificadas no expediente, de tal xeito que non poderá ser promovida unha nova licitación do seu obxecto mentres subsistan as razóns consignadas para xustificar a devandita renuncia.

4. Pola súa banda, a desistencia do procedemento para a adxudicación do contrato haberá de fundamentarse na concorrencia dunha infracción non subsanable das normas sobre preparación contractual ou das relativas ao procedemento de adxudicación, circunstancias que deberán ser igualmente xustificadas no expediente. A desistencia non será razón para impedir o inmediato inicio dun novo procedemento de licitación.
5. Os Pregos de Condicións deberán en todo caso facer expresa referencia á posibilidade de renunciar á celebración do contrato e desistir do procedemento de adxudicación.

SECCIÓN SEGUNDA

PROCEDEMENTOS DE ADXUDICACIÓN

65.- Contratos non suxeitos a regulación harmonizada distintos de obras de contía comprendida entre 18.000 euros e 50.000 euros (IVE excluído)

1. Nestes supostos, seguirase o procedemento negociado sen publicidade, de tal xeito que o Consorcio enviará o prego a que se retire o número 51 das presentes instrucións a un mínimo de tres provedores ou subministradores capacitados, sempre que isto sexa posible, solicitándolles a presentación da oferta no prazo e forma que en dito prego se sinala.
2. Recibidas as ofertas, e previa negociación cos licitadores dos termos do contrato nos termos previstos no número 69 das presentes instrucións, o Consorcio seleccionará aquela que sexa considerada como a máis vantaxosa economicamente segundo os criterios obxectivos de adxudicación establecidos no prego.
3. Nestes casos, o anuncio de licitación substituirase pola invitación cursada, polo menos, a tres empresas, ás que se acompañarán os pregos e demais documentación necesaria. Non obstante o anterior, as sociedades poderán optar por publicar dita invitación no seu perfil de contratante.

66.- Contratos non suxeitos a regulación harmonizada de contía superior a 50.000 euros (IVE excluído)

Nestes casos, o Consorcio, en función das concretas circunstancias e características concorrentes en cada caso, poderá acudir, nos termos establecidos nos números seguintes, aos procedementos indicados a continuación:

- a) A un procedemento aberto no que todos os interesados poderán presentar oferta e onde quedará excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.
- b) A un procedemento restrinxido, no que unicamente poderán presentar proposicións aqueles empresarios que, previa solicitude dos mesmos, sexan seleccionados polo órgano de contratación de acordo cos criterios fixados no Prego. Neste procedemento está prohibida toda negociación dos termos do contrato cos solicitantes ou candidatos.
- c) A un procedemento negociado, no que a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con

diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles. O procedemento negociado será obxecto de publicidade previa nos supostos establecidos no artigo 161 da LCSP, de tal xeito que será posible que calquera empresario interesado presente oferta. Nos restantes supostos non será necesario dar publicidade ao procedemento, de tal xeito que a concorrencia quedará garantida a través do cumprimento do establecido polo artigo 162.1 da LCSP.

FIMO poderá acudir ao procedemento negociado nos seguintes supostos:

- Supostos xerais previstos no artigo 154 da LCSP.
- Supostos específicos: poderase acudir ao procedemento negociado nos casos específicos previstos para o contrato de obras no artigo 155 LCSP, para os contratos de concesión de servizos no artigo 156 LCSP, para os contratos de subministracións no artigo 157 LCSP e para os contratos de servizos no artigo 158 LCSP. Asemade, poderá acudir ao procedemento negociado nos restantes contratos que celebre FIMO cando o seu valor estimado sexa inferior a 100.000 euros.

d) A un diálogo competitivo, nos supostos previstos no artigo 164 da LCSP.

e) A un concurso de proxectos.

67.- Normas específicas do procedemento aberto

No procedemento aberto resultarán de aplicación as seguintes previsións:

1. En canto á información aos licitadores, estarase ao disposto polo artigo 142 da LCSP.

2. Respecto do prazo de presentación de proposicións:

a) O prazo de presentación de proposicións non será inferior a quince días, contados dende a publicación do anuncio do contrato, salvo nos contratos de obras e de concesión de obras públicas, en que o prazo será, como mínimo, de vinteseis días.

b) Os referidos prazos poderán reducirse á metade en caso de declaración de urxencia, aínda que o prazo mínimo non poderá ser inferior en ningún caso a 10 días, dacordo co artigo 10 da Lei 10/1996.

c) Será posible aplicar un prazo de presentación de proposicións de 10 días naqueles supostos en que se poida xustificar tecnicamente que o indicado prazo é suficiente atendida a complexidade do contrato.

3. Respecto ao exame das proposicións e proposta de adxudicación:

a) A mesa de contratación cualificará previamente a documentación á que se refire o artigo 130 LCSP, que deberá presentarse polos licitadores en sobre distinto ao que conteña a proposición, e procederá posteriormente á apertura e exame das proposicións, formulando a correspondente proposta de

adxudicación ao órgano de contratación, unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario.

b) A apertura das proposicións terá lugar no prazo máximo dun mes contado dende a data de finalización do prazo para presentar as ofertas.

c) A apertura das proposicións deberá realizarse en acto público, salvo cando se preveña que na licitación poidan empregarse medios electrónicos.

d) Nos casos en que para a valoración das proposicións deban ser tidos en conta criterios distintos ao do prezo, o órgano competente poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente, poderán solicitarse estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego.

e) Nos Pregos indicárase expresamente que a proposta de adxudicación non crea dereito ningún en favor do licitador proposto. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato dacordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

4. Respecto da adxudicación, serán de aplicación as seguintes previsións:

- Nos supostos en que o único criterio a considerar para seleccionar o adxudicatario sexa o do prezo, a adxudicación provisional recaerá no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte ao de apertura das proposicións.
- Cando para a adxudicación do contrato se deban ter en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adxudicación provisional será de dous meses a contar dende a apertura das proposicións, salvo que se establecese outro no prego de condicións.
- Os prazos referidos nos apartados anteriores serán obxecto de ampliación en quince días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o artigo 136.3 da LCSP.
- En caso de non producirse a adxudicación dentro dos prazos sinalados, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición.

68.- Normas específicas do procedemento restrinxido

Cando se siga un procedemento restrinxido resultarán de aplicación as previsións seguintes:

1. En canto aos criterios para a selección dos candidatos:

a) Previamente ao anuncio de licitación, o órgano de contratación establecerá os criterios obxectivos de solvencia, de entre os sinalados nos artigos 64 a 68 da LCSP, de conformidade cos cales serán elixidos os candidatos que serán invitados a presentar proposicións.

- b) O órgano de contratación sinalará o número mínimo de empresarios aos que invitará a participar no procedemento, que non poderá ser inferior a cinco. En caso de estimarse conveniente, o órgano de contratación poderá igualmente fixar o número máximo de candidatos aos que se invitará a presentar oferta. En todo caso, o número de candidatos invitados debe ser suficiente para garantir unha competencia efectiva.
- c) O anuncio de licitación deberá indicar os criterios ou normas obxectivas e non discriminatorias conforme aos cales se seleccionará aos candidatos, así como o número mínimo e, no seu caso, o número máximo daqueles aos que se invitará a presentar proposicións.
2. En canto ás solicitudes de participación:
- a) O prazo de recepción das solicitudes de participación será, como mínimo, de dez días, contados dende a publicación do anuncio.
- b) Ditas solicitudes irán acompañadas da documentación a que se refire o artigo 130.1. da LCSP.
3. Respecto da selección de solicitantes:
- a) Despois de comprobar a personalidade e solvencia dos solicitantes, o órgano de contratación seleccionará aos que deban pasar á seguinte fase, aos que invitará, simultaneamente e por escrito, a presentar as súas proposicións.
- b) O número de candidatos invitados a presentar proposicións deberá ser igual, polo menos, ao mínimo que, no seu caso, se fixase previamente. Cando o número de candidatos que cumpran os criterios de selección sexa inferior a ese número mínimo, o órgano de contratación poderá continuar o procedemento cos que reúnan as condicións esixidas, sen que poida invitarse a empresarios que non solicitaran participar neste, ou a candidatos que non posúan esas condicións.
4. En canto ao contido das invitacións e a información a subministrar aos licitadores invitados:
- a) As invitacións deberán conter unha referencia ao anuncio de licitación publicado e indicarán a data límite para a recepción de ofertas, a dirección á que deban enviarse e a lingua en que deban estar redactadas, os criterios de adxudicación do contrato que se terán en conta e a súa ponderación relativa ou, no seu caso, a orde decrecente de importancia atribuído a estes, se non figurasen no anuncio de licitación, e o lugar, día e hora da apertura de proposicións.
- b) Asemade, as invitacións deberán incluír un exemplar dos pregos e copia da documentación complementaria, ou ben conterá as indicacións pertinentes para permitir o acceso a estes documentos, cando os mesmos se poñan directamente á súa disposición por medios electrónicos, informáticos e telemáticos.
- c) O órgano de contratación ou o servizo competente de FIMO deberá facilitar, antes dos seis días anteriores á data límite fixada para a recepción de ofertas, a información suplementaria sobre os pregos ou sobre a

documentación complementaria que se lles solicite coa debida antelación polos candidatos.

d) Resultará igualmente aplicable no procedemento restrinxido o establecido polo artigo 142.3 LCSP.

5. En relación ás proposicións dos licitadores e á adxudicación do contrato:

a) O prazo para a presentación de proposicións non será inferior a quince días, contados dende a data de envío da invitación.

b) Dito prazo poderá reducirse no caso de declaración de urxencia a 10 días.

c) Será posible aplicar un prazo de presentación de 10 días naqueles supostos nos que se poida xustificar tecnicamente que o indicado prazo é suficiente atendida a complexidade do contrato.

d) Respecto da adxudicación contractual resultará aplicable o previsto no número 67 das presentes instrucións respecto do procedemento aberto en canto ao exame das proposicións e proposta de adxudicación e adxudicación do contrato, agás o que se refire á necesidade de cualificar previamente a documentación á que se refire o artigo 130 LCSP.

69.- Normas específicas do procedemento negociado

No procedemento negociado resultarán de aplicación as seguintes previsións:

1. En canto á delimitación da materia obxecto de negociación, o prego de condicións determinará os aspectos económicos e técnicos que, no seu caso, haxan de ser obxecto de negociación coas empresas.

2. En canto ao anuncio de licitación e presentación de solicitudes de participación:

a) Nos casos en que sexa posible acudir ao procedemento negociado por concorrer as circunstancias previstas nas letras a) e b) do artigo 154 da LCSP, na letra a) do artigo 155 LCSP, ou na letra a) do artigo 158 LCSP, o órgano de contratación deberá publicar un anuncio de licitación no perfil de contratante. Non obstante o anterior, poderá prescindirse da publicación do anuncio de licitación cando se acuda ao procedemento negociado por presentarse ofertas irregulares ou inaceptables nos procedementos antecedentes, sempre que na negociación se inclúan todos os licitadores que no procedemento aberto ou restrinxido, ou no procedemento de diálogo competitivo seguido con anterioridade presentasen ofertas conformes cos requisitos formais esixidos, e só a eles.

b) Asemade, nos contratos que poidan adxudicarse por procedemento negociado por ser a súa contía inferior á indicada nos artigos 155, letra d), 156, letra b), 157, letra f), 158, letra e) e 159 da LCSP, deberá publicarse un anuncio de licitación no perfil de contratante cando o seu valor estimado sexa superior a 50.000 euros.

- c) Resultarán aplicables ao procedemento negociado, nos casos en que se proceda á publicación de anuncios de licitación, as normas contidas no número anterior respecto dos criterios para a selección de candidatos, solicitudes de participación, selección de solicitantes e contido das invitacións información aos licitadores invitados. Non obstante, en caso de que se decida limitar o número de empresas ás que se invitará a negociar, deberá terse en conta o sinalado no parágrafo primeiro do apartado seguinte.
3. En relación á negociación dos termos do contrato, resultará de aplicación o seguinte:
- a) Será necesario solicitar ofertas, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.
- b) O órgano de contratación poderá articular o procedemento negociado en fases sucesivas, co fin de reducir progresivamente o número de ofertas a negociar mediante a aplicación dos criterios de adxudicación sinalados no anuncio de licitación ou no prego de condicións, indicándose nestes se se vai facer uso desta facultade. O número de solucións que cheguen ata a fase final deberá ser o suficientemente amplo como para garantir unha competencia efectiva, sempre que se presentaran un número suficiente de solucións ou de candidatos axeitados.
- c) Durante a negociación, o órgano de contratación velará porque todos os licitadores reciban igual trato, de tal xeito que non facilitará, de forma discriminatoria, información que poida dar vantaxes a determinados licitadores con respecto ao resto.
- d) O órgano de contratación negociará cos licitadores as ofertas que estes presentaran para adaptalas aos requisitos indicados no prego de condicións e no anuncio de licitación, no seu caso, e nos posibles documentos complementarios, co fin de identificar a oferta economicamente máis vantaxosa.
- e) No expediente deberá deixarse constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

70.- Diálogo competitivo

Resultará de aplicación o previsto nos artigos 163 e seguintes da LCSP.

71.- Concurso de proxectos

Resultará de aplicación aos concursos de proxectos o establecido nos artigos 168 a 172 da LCSP.

72.- Racionalización técnica

Resultará de aplicación o establecido no número 44 das presentes instrucións respecto dos contratos suxeitos a regulación harmonizada.

CAPÍTULO TERCEIRO

CRITERIOS DE SELECCIÓN DA OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA

73.- Criterios de valoración

- Para a selección da oferta economicamente máis vantaxosa, o Prego de Condicións establecerá os criterios conforme aos cales deberán valorarse as proposicións dos licitadores.
- A efectos do sinalado no apartado anterior, o Consorcio poderá:
 - a. Utilizar un único criterio de valoración. En tal caso, este haberá de ser necesariamente o prezo, entendéndose que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.
 - b. Utilizar varios criterios de valoración. A tal efecto:
 - Os criterios deberán estar vinculados ao obxecto do contrato. O órgano de contratación poderá utilizar, entre outros, os que a modo orientativo se indican no número 38 das presentes instrucións. Non obstante o anterior, non será necesaria a constitución do comité de expertos previsto no artigo 134 da LCSP.
 - Precisarase a ponderación relativa atribuída a cada un deles, que poderá expresarse fixando unha banda de valores cunha amplitude axeitada, salvo que por razóns debidamente xustificadas non sexa posible ponderar os criterios elixidos, en cuxo caso enumeraranse por orde decrecente de importancia.
- Finalmente, non será preciso efectuar unha avaliación separada das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas e a daqueles outros criterios en que non conorra esta circunstancia, se ben os pregos poderán optar por este sistema.

74.- Ofertas desproporcionadas ou anormalmente baixas

Resultarán de aplicación neste apartado as previsións contidas no número 42 das presentes Instrucións respecto dos contratos suxeitos a regulación harmonizada.

TÍTULO V

FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

75.- Formalización e contido mínimo do contrato

1. A formalización do contrato será efectuada en documento privado. A formalización terá lugar no prazo indicado no Prego de Condicións, e comezará a contar dende o día seguinte á notificación da adxudicación ao adxudicatario. En caso de que este solicite a súa formalización en escritura pública, correrán da súa conta os gastos e impostos correspondentes.

2. Os pregos establecerán que cando por causas imputables ao contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo establecido, o órgano de contratación poderá acordar a resolución do mesmo con incautación da garantía provisional que no seu caso se constituíse. Se por contra, as causas da non formalización foran imputables ó Consorcio indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que se lle produciran, se este así o solicita.
3. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a previa formalización do mesmo, salvo causa de urxencia debidamente xustificada.
4. Salvo que xa se atopen recollidas no Prego de Condicións, os contratos celebrados por FIMO, de conformidade co establecido polo artigo 26 da LCSP, deberá conter as seguintes mencións:
 - A identificación das partes.
 - A acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o contrato.
 - Definición do obxecto do contrato
 - Referencia á lexislación aplicable ao contrato.
 - Enumeración dos documentos que integran o contrato. Se así se expresa no contrato, esta enumeración poderá estar xerarquizada, ordenándose segundo a orde de prioridade acordada polas partes, en cuxo suposto, e salvo caso de erro manifesto, a orde pactada utilizarase para determinar a prevalencia respectiva, no caso de que existan contradicións entre diversos documentos.
 - O prezo certo, ou o modo de determinalo.
 - A duración do contrato ou as datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización, así como a da prórroga ou prórrogas, se estivesen previstas.
 - As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións.
 - As condicións de pago.
 - Os supostos nos que proceda a resolución do contrato.
 - O crédito orzamentario ou o programa ou rúbrica contable co cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso.
 - A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao contratista.
5. O Prego de Condicións elaborado por FIMO e a oferta do provedor ou subministrador seleccionado formarán parte do contrato.

O documento contractual non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigas para as partes distintos dos previstos no prego, concretados, no seu caso, na

forma que resulte da oferta do adxudicatario, ou dos precisados no acto de adxudicación do contrato dacordo co actuado no procedemento, de non existir aqueles .

TÍTULO VI

EFFECTOS E EXTINCIÓN DOS CONTRATOS

76.- Réxime xurídico

Os contratos subscritos por FIMO rexeranse, polo que se refire aos seus efectos e extinción, polo Dereito Privado, sen prexuízo das previsións contidas nos números seguintes.

77.- Modificación dos contratos

1. FIMO poderá proceder á modificación dos contratos que subscriba sempre que:
 - a) que tal posibilidade estea prevista de xeito expreso no Prego de Condicións ou no propio contrato e,
 - b) que a procedencia da modificación quede supeditada á concorrencia de circunstancias ou acontecementos que, obxectivamente considerados, xustifiquen a necesidade da modificación e a proporcionalidade desta.
2. A modificación non poderá afectar ás condicións esenciais do contrato e deberán formalizarse por escrito.
3. No procedemento que se siga para a adopción do acordo relativo á modificación do contrato deberá darse audiencia ao contratista.
4. Non terán a consideración de modificacións do contrato as ampliacións do seu obxecto que non poidan integrarse no proxecto inicial mediante unha corrección deste ou que consistan na realización dunha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente ou dirixida a satisfacer finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do contrato, que deberán ser contratadas de forma separada, podendo aplicarse, no seu caso, o réxime previsto para a contratación de prestacións complementarias se concorren as circunstancias previstas nos artigos 155 b) e 158 b) LCSP.

78.- Pagamento do prezo

1. O réxime de pagamento do prezo será o determinado no Prego ou no contrato, e dentro dos límites impostos pola Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
2. O contratista poderá ceder conforme a dereito os dereitos de cobro que ostente fronte a FIMO. A estes efectos, os Pregos de Condicións establecerán como requisito imprescindible para a efectividade da cesión a necesaria notificación do acordo de cesión a FIMO.

79.- Penalidades por demora e execución defectuosa

1. A demora ou a execución defectuosa dos contratos subscritos con FIMO levará consigo a imposición de unha ou varias penalidades, dacordo co disposto polo artigo 196 da LCSP, se así se establece no correspondente prego ou contrato.
2. En todo caso, estas penalidades faranse efectivas mediante a súa dedución dos pagamentos que proceda realizar ao contratista ou con cargo á garantía por el constituída.

80.- Resolución por demora e prórroga dos contratos

1. Nos casos previstos no número anterior, en caso de que FIMO optase pola resolución esta deberá acordarse polo órgano de contratación, previa audiencia do contratista.
2. No suposto de que o atraso no cumprimento do contrato fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir os seus compromisos dándolle prórroga do tempo que se lle sinalara, concederase por FIMO un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

81.- Indemnización por danos e prexuízos

1. O prego de condicións establecerá que será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.
2. Nos casos en que ditos danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde do órgano de contratación de FIMO, será este responsable dentro dos límites sinalados nas leis. Tamén será FIMO responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto elaborado por este no contrato de obras ou no de subministración de fabricación.

82.- Principio de risco e ventura

O Prego de Condicións establecerá que a execución do contrato se realizará a risco e ventura do contratista, sen prexuízo do pactado nas cláusulas de repartición de risco que se inclúan nos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado.

83.- Cesión e subcontratación do contrato

1. Para levar a cabo a cesión dos contratos subscritos con FIMO será necesario observar as previsións contidas no artigo 209 da LCSP, sendo asemade necesario que o cesionario teña a capacidade esixida para contratar ao cedente do contrato.
2. A subcontratación de parte do obxecto dos contratos asinados con FIMO axustarase ao previsto polo artigo 210 da LCSP.

3. Tanto nos supostos de cesión como de subcontratación, FIMO dará a debida publicidade a estas circunstancias xunto coas razóns que xustifican tal decisión, identificando aos cesionarios e subcontratistas e as condicións dos acordos acadados entre o contratista e aqueles, agás que a divulgación desta información constitúa un obstáculo para aplicar a lexislación, sexa contraria ao interese público ou prexudique os intereses comerciais lexítimos dos operadores económicos públicos ou privados, ou poida prexudicar a competencia leal entre eles, debendo motivarse a concorrencia destas circunstancias en cada caso.

84.- Cumprimento dos contratos e recepción da prestación

1. Os pregos establecerán que o contrato se entenderá cumprido polo contratista cando este realice, dacordo cos seus termos, a totalidade da prestación.
2. En todo caso, a súa constatación esixirá por parte de FIMO un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine no prego de condicións por razón das súas características.
3. Nos pregos e nos contratos fixarase un prazo de garantía a contar da data de recepción ou conformidade, transcorrido o cal sen obxeccións por parte de FIMO, salvo os supostos en que se estableza outro prazo noutras normas, quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Exceptúanse do prazo de garantía aqueles contratos en que pola súa natureza ou características non resulte necesario, o que deberá xustificarse debidamente no expediente de contratación, consignándoo expresamente no prego.
4. Agás nos contratos de obras, que se rexerán polo disposto no artigo 218 da LCSP, dentro do prazo dun mes, a contar dende a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato e aboárselle, no seu caso, o saldo resultante. Se se producise demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

85.-Causas de resolución

1. Serán causas de resolución dos contratos asinados por FIMO:
 - a) O incumprimento por parte do contratista ou do Consorcio das súas obrigas contractuais esenciais.
 - b) A demora do contratista no cumprimento dos prazos contractuais.
 - c) A falta ou a demora no pagamento por parte do Consorcio, dacordo cos prazos establecidos ao efecto no Prego que rexe a licitación.
 - d) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.

- e) A falta de constitución da garantía por parte do adxudicatario do contrato.
 - f) A non formalización do contrato na forma prevista no Prego que rexe a licitación.
 - g) O mutuo acordo das partes.
 - h) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual nos casos nos que non fose posible a continuación do obxecto do contrato por parte do seu herdeiro ou sucesor legal.
 - i) A extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista salvo nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, nos que continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes do mesmo. Igualmente, nos supostos de escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade resultante ou beneficiaria, que quedará subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes do mesmo, sempre que teña a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación.
 - j) Outras establecidas expresamente no contrato
 - k) As que sexan sinaladas especificamente para cada categoría de contrato nos Pregos de Condicións.
2. O Prego de Condicións deberá recoller de forma expresa as causas de resolución do contrato en particular.
 3. Asemade, o Prego de Condicións fará constar de xeito expreso que no suposto en que o contrato sexa resolto por incumprimento culpable do contratista, este indemnizará a FIMO dos danos e prexuízos ocasionados. Esta indemnización farase efectiva en primeiro lugar sobre a garantía constituída, no seu caso, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista en canto ao importe que exceda do da garantía incautada.

86.- Aplicación das causas de resolución

1. Nos pregos establecerase que a declaración de insolvencia en calquera procedemento e, en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación, darán sempre lugar á resolución do contrato. En caso de declaración de concurso e mentres non se producira a apertura da fase de liquidación, o poder adxudicador potestativamente continuará o contrato se o contratista prestase as garantías suficientes a xuízo daquel para a súa execución.
2. Nos restantes casos, a resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a esta, sen prexuízo de que, nos supostos de modificacións que excedan o 20 por 100 do prezo inicial do contrato, FIMO tamén poida instar a resolución.

87.- Regras específicas para os contratos de obras, concesión de obra pública, xestión de servizos, subministracións, servizos e colaboración entre o sector público e o sector privado

1. Nos contratos de obras, os Pregos de Condicións establecerán regras análogas ás indicadas na LCSP en canto a: a comprobación do reformulo (212 LCSP); execución das obras e responsabilidade do contratista (213 LCSP); certificacións e abonos a conta (215 LCSP), sen o prexuízo da posibilidade de establecer o sistema de retribución a tanto alzado aplicando o réxime do artigo 216 LCSP; modificación do contrato de obras (217 LCSP), sendo competente o órgano de contratación para acordar o establecido no número 4 do precepto; recepción e prazo de garantía (218 LCSP); responsabilidade por vicios ocultos (219 LCSP); causas de resolución e efectos (220, 221 e 222 LCSP).
2. Nos contratos de concesión de obras, o Prego de Condicións procurará o establecemento de regras análogas ás indicadas na LCSP nos artigos 223 e seguintes, salvo o referido ás prerrogativas indicadas para as administracións públicas no artigo 232, que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve FIMO nos Pregos e contrato.
3. Nos contratos de concesión de servizos, o Prego de Condicións procurará o establecemento de regras análogas ás indicadas na LCSP nos artigos 252 e seguintes, salvo o referido aos poderes de policía e as prerrogativas indicadas para as administracións públicas que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve FIMO nos pregos e contrato.
4. Nos contratos de subministracións, o Prego de Condicións procurará o establecemento de regras análogas ás indicadas na LCSP nos artigos 266 e seguintes, salvo o referido ás prerrogativas indicadas para as administracións públicas que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve FIMO nos pregos e contrato.
5. Nos contratos de servizos, o Prego de Condicións procurará o establecemento de regras análogas ás indicadas na LCSP nos artigos 277 e seguintes, salvo o referido ás prerrogativas indicadas para as administracións públicas que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve FIMO nos pregos e contrato.

En particular, estableceranse un réxime contractual e cláusulas de salvagarda tendentes a evitar que á extinción dos contratos de servizos se produza a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante.

A autorización excepcional de contratos de servizos por un prazo de vixencia superior a catro anos prevista no artigo 279.1 LCSP poderá ser autorizada polo órgano de contratación.

6. Nos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado, estarase ao establecido polos artigos 289 e 290 da LCSP.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Disposición derradeira primeira.- Relación entre as instrucións internas de contratación e a LCSP

En caso de contradición entre o previsto nas presentes instrucións internas de contratación e as disposicións da LCSP e a súa normativa de desenvolvemento, prevalecerán estas sobre aquelas.

Disposición derradeira segunda.- Aplicación das instrucións

As presentes instrucións serán vinculantes para FIMO dende o día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.

Disposición derradeira terceira.- Modificación

O Consello de Administración do Consorcio poderá modificar as presentes instrucións, respectando en todo caso as esixencias mínimas derivadas da lexislación de contratos do sector público.

Disposición derradeira cuarta.- Actualización das instrucións

Sen que supoña modificación das presentes instrucións, as contías que no sucesivo fixe o órgano competente para elo de conformidade coa LCSP, substituirán automaticamente as previstas no número 26 respecto dos contratos suxeitos a regulación harmonizada. A tal efecto, o Consorcio adoptará as medidas pertinentes para asegurar a súa actualización.

As presentes instrucións foron aprobadas polo Consello de Administración do Consorcio o trinta e un de decembro de dos mil nove, de conformidade co previsto pola LCSP.